

# Carta de Madeira

## A illa descuberta polo acaso

XAVIER QUEIPO

**N**on é a primeira vez que me acontece que, querendo ter un destino marcado, no instante último mudo de roteiro ou de lugar de arribada. Este Nadal pasado, por razóns que máis teñen que ver cunha necesidade de illamento para rematar un traballo específico, decidín coller uns días en Lanzarote. O tardío da decisión e as limitacións na miña axenda de traballo fixo que tiñese que mudar de arquipélago e arribar así á illa da Madeira<sup>1</sup>, o que foi con certeza unha decisión tan improvisada como feliz.

Anos atrás, e máis en concreto en 1990, aterrara eu no aeroporto de Funchal procedente da illa de São Miguel dos Açores (cando aínda constituía unha experiencia arrepiante), mais naquela altura nin tan sequera saín do aeroporto, pois tratábase dunha escala do mesmo avión que logo collería ruta para Lisboa. Regresaba agora a un lugar xa descuberto, ben que máis de xeito documental que pola exíguua experiencia propia.

Tiña só cinco días de lecer. Logo habería que regresar ao continente para esa restra de compromisos festivos que se agrupan arredor da fin do ano. Ía actuar, pois, non como viaxeiro autónomo senón como turista absorbente, é dicir, aquel que se alimenta non só de imaxes e sensacións prefabricadas, senón tamén de documentos e experiencias propias.



Jardim Tropical Monte Palace

### Un xardín fantástico nunha tarde de chuvia

Alborexou poallando. Iso sería un inconveniente dos grandes se non viñese preparado de corpo e espírito para afrontar as máis variadas vicisitudes. Almorcei ovos revoltos e touciño afumado, zume de froitas, uns anacos de melón e ananás e para rematar un té negro de Ceilán, que me abriu o espírito de aventura. Traballei un pouco logo do almorzo —como adoitado facer cando de vacacións— e xa logo, en canto escampou, fun camiñando ata a vila de Funchal, separada algo máis de dous quilómetros do

hotel Raga, onde ocupaba o cuarto 307 con vistas á baía do Funchal e ao mar inmenso.

Levado polo instinto dos días difíciles —chovía alternativamente, mais sen moita intensidade— e considerando que non había certeza de que no exíguo período da miña visita tería días mellores, decidín coller o teleférico para subir ata o Jardim Tropical Monte Palace, do que tiña referencias por varios folletos turísticos. O ascenso foi espectacular, galgando por riba dos predios que ficaban alá abaixo, suspendidos entre socalcos de bananeiras e estradas que se entrecruzaban en profundas simas centos de metros baixo a fráxil cabina. Viaxaba na compañía accidental dunha parella de indostanos, que de Londres viñeran pasar a súa lúa de mel a Funchal. Suspendido no aire lembrei o anuncio que no hotel fica do lado dos elevadores e que acon-

sella non utilízalos en caso de incendio ou sismo. Pensei por un instante que naquelas illas volcánicas a terra podería tremer con irregularidade impredicíbel. Imaxinei que iso podería acontecer mentres o teleférico ascendía a máis de seiscentos metros de altitude, e como abanearían no acaso os piares que o sostían. Díxenllo aos meus acompañantes. Eles ollaron para min con xenreira non disimulada. Colleran medo, e máis medo haberían ter montaña enriba, cando da claridade da baía o teleférico penetrou na brétema espesa que baixaba do picouto. Daquela ficamos illados na bruma, sen ver nada de nada, literalmente asolagados pola brétema e sen outro horizonte máis alá dos vidros da cabina. Nun filme de serie B, os vidros serían con certeza zarrapicados con sangue dun malpocado asasinado por un monstro sanguinario. Ollei para os indostanos (non preciso nación pois non souben se eran da India, do Bangladesh ou do Paquistán) e tratei de tranquilizalos no meu mellor inglés, indicándolles que estabamos prontos a chegar á cima (agora eu tampouco estaba á vontade naquel illamento bretemoso e quería reconciliarme cos meus compañeiros de cabina).

Cando chegamos á terminal do teleférico chovía con forza e determinación de trópico, coa auga caendo nas pucharas e facendo inmensas burbullas (o que de sempre foi sinal de que a choiva vai durar un tempo indefinido, mais demorado). Os indostanos ficaron no edificio da terminal revisando postais e laiándose do tempo. Mentres, armado cun exiguo paraugas e con espírito de tritón galego, avancei teimoso por entre a chuvia disposto a coller unha molladura coma se fose un adolescente destemido. Na entrada do Jardim Tropical Monte Palace a funcionaria ollou para min con aspecto divertido, como compadecéndose de que chovese e da fragilidade da miña protección contra os elementos. Entregueille a entrada que mercara antes de embarcar no teleférico e preguntelle cal era o mellor camiño para me achegar ao edificio do museo, pois coa que estaba caendo mellor comezar a cuberto. Indicoume nun plano que o museo estaba na entrada do Camiño das Babosas. Tiña pois que pasar unha pequena ponte sobre o camiño, dirixirme cara ás oliveiras

**Xavier Queipo é biólogo molecular, médico e escritor.** Membro do colectivo de poetas de Bruxelas ([www.brusselspoetrycollective.net](http://www.brusselspoetrycollective.net)) e do PEN Vlandereen. En 2010 publicou na Editorial Galaxia *Cartas marcadas*.

**Fotografías do autor**

1. É curioso que o arquipélago da Madeira, coñecido xa no século XIV logo dunha expedición financiada polo rei Alfonso IV en 1341 e logo deixado de lado polo seu suposto carácter inhóspito, foi redescuberto cando quixo o acaso que unha treboada intensa afastase a João Gonçalves Zarco e Tristão Vaz Teixeira do seu plan de explorar a costa africana. Chegados a Porto Santo, acharon a illa boa para ser poboada e así o indicaron no seu regreso a Portugal ao infante don Henrique.



Museo de Arte Contemporánea, barrio de Socorro

milenarios e a seguir, contornando o edificio, cheguei ata o museo, onde expoñían unha colección magnífica de escultura africana de Zimbawe.

As esculturas encheron unha media hora do meu tempo e tomei algunhas fotos (estaba só e non había vixilancia) esperando que estíñase. Xaora saín a confrontar os elementos (definitivamente non parecía que fose escambrar nas próximas horas, aínda que no trópico un nunca sabe) e tirar unhas fotos baixo a chuvia nuns xardíns que se estendían ata onde se perde a vista, estanques con cadoiros, peixes koi de variado tamaño<sup>2</sup>, unha colección inmensa de Cicadas, de palmeiras, de orquídeas, acacias, azaleas así como centos de plantas e fentos típicos da foresta que se chama laurisilva<sup>3</sup>. Baixo un manto de chuvia e humidade, que me facía medrar edras entre as dedas e lianas ascendendo polas coxas, fun recorrendo así en marcha alucinada todos e cada un dos recunchos deste inmenso xardín tropical. Fun feliz anotando especies e tomando fotografías, observando como a brétema ascendía da terra ou o movemento viciado dos cisnes en cativeiro, a variade de cores das carpas chinesas e a cadencia das correntes de auga (grandes e pequenas). Foi unha visita memorábel, desas que deixan pegada na memoria.

## O mercado de labradores e a conversa do viño maduro

Xa é un clásico cando de viaxe, mais gústame visitar os mercados por contemplar os produtos de consumo local e aprender novas variedades de peixe ou de verduras que se ofrecen. No mercado, a sección de peixería era ben cativa, pois amais de peixe espada negro a branco e un pouco de atún vermello (*Thunnus thynnus*) cunha calidade realmente dubidosa, só había algúns budiños e peixe salgado e seco (gatas e zapateiras, dous tipos de tiburón / tabeirón<sup>4</sup>).

Mais logo, cando pasei á sección de froitas e verduras, o meu abraio foi en aumento. Contei no mínimo nove variedades de *maracujá*, que recibían ben unha denominación de cor, e así apareceron o *maracujá roxo* e o *amarelo*, ou a denominación da froita á que máis se asemellaban, como o *maracujá* dos tipos *peseego*, *banana*, *anánás*, *laranja*, *limão*, *melão* e mesmo o *maracujá-tomate*, e xa logo os legumes e produtos da horta como tomate inglés e tomate da Madeira, *alfarrobas*, cereixas, cenouras, laranjas, figos, castañas, peras, *pimpinelas*, patacas doces e brancas, cabazos, abóboras, *feixãos* de variados tipos, *dióspiros*, aguacates...



Paseo central da avenida Arriaga

Pero a sección que máis chamou a miña atención —se cadra por vir dun clima moito máis temperado onde o Nadal non é precisamente tempo de flores— foi a das flores, onde as había de centos de tipos diferentes, mesmo que algunha delas só aparecese en forma de sementes ou bulbos, pois non correspondía agora a época de floración. Destacaban orquídeas, *heliconias*, lirios acuáticos, rosas, adelfas, cicadas, azaleas, *malfuradas*, *massarocos*, *bananilhas*, e moitas outras que non fun quen de identificar por non ter sido nunca a xardinaría unha actividade que enchese o meu tempo libre (se cadra debería mudar de conduta en canto acade a terra idade de pensionista).

O mercado constituía unha atracción turística máis e, malia ser certo que había residentes comprando en todas as seccións, a dedicada ás flores, bulbos e sementes estaba acaparada polos turistas que, levados por un abraio permanente, pretendían importar aquelas plantas tropicais aos seus climas do norte de Europa (escandinavos na maioría). Eu penseino dúas veces e considerei que en Bruxelas, onde vivo a maior parte do ano, en condicións normais ningunha daquelas plantas ía prender, e moito menos dar froito.

Saíndo do mercado acheguei-me á praza da Autonomía para nun dos seus boliches probar un vaso

2. Disque o factor limitador para o crecemento destas carpas koi é a superficie do estanque onde habitan, de xeito que se un estanque é máis grande poderá albergar individuos maiores e se é pequeno, eles sempre serán ruíns por moitos anos que pasen.

3. O bosque de laurisilva de Madeira foi catalogado como “Unesco World Heritage site” (patrimonio mundial) no ano 2000. Inclúe entre outras plantas: loureiro dos Azores (*Larus azorica*), tileiro (*Ocotea foetens*), xunípero das Canarias (*Juniperus cedrus*); faia (*Myrica faya*); fento da India (*Persea indica*); e outros dos que descoñezo o nome en galego como o *Clethra arborea*, o *Pittosporum coriaceum* e o *Apollonias barbujana*.

4. Hai quen procurando unha aproximación “diferencialista”, que busca sempre a verba máis afastada do castelán, denomina “quenllas” a todos os “tiburóns” ou se o prefiren “tabeiróns” (eu coñecía a alguén que tiña un amigo a quen alcumaban *Tabeirón*), cometendo así non un erro gramatical (pois a Royal Academy así o admite), mais un monumental erro taxonómico (os académicos nin sempre teñen quen os asesore propiamente en eidos técnicos de vocabulario moi específico). “Quenllas”, sería a denominación axeitada para un tipo de tiburóns correspondentes á familia *Carcharhinidae*, mais non para todos eles.

5. Algunhas correspondencias: “malfurada”, *Globularia salicina* Lam (familia *Globulariaceae*, endémica de Madeira e Canarias); “massaroco”, *Echium nervosum* Ait (familia *Borraginaceae*), endémica de Madeira e “bananilha”, *Hedychium gardnerianum*, natural do Himalaia, mais perfectamente adaptada a este clima, que dá unhas flores amarelas con estames vermellos.

Ensarillei conversa con tres madeirenses, pois son de natural xente afábel e acollidora. Informáronme das previsións meteorolóxicas, da dirección a onde debería ollar para ventar o temporal, das necesarias precaucións nos paseos nocturnos e das mellores épocas para facer turismo

de viño maduro cunhas lascas de *tubarão gata* salgado (o viño con escaso corpo mais refrescante, como o noso viño do Ulla, o peixe delicioso). Deseguida ensarillei conversa con tres madeirenses, pois son de natural xente afábel e acollidora. Informáronme das previsións meteorolóxicas, da dirección a onde debería ollar para ventar o temporal, das necesarias precaucións nos paseos nocturnos e das mellores épocas para facer turismo. Non indagaron moito na miña vida e plans a curto prazo, o que agradecín en verdade, pois detesto dar explicacións do meu comportamento, nin sempre ortodoxo ou lóxico (detesto tamén que a xentiña pense que a súa vida é a perfecta e que aconsellen o que temos que facer e o que non).

### Unha exposición de arañas endémicas e un acuario minúsculo

Algúns dos que me len regularmente (e dos que non, por descontado) non partillan o meu gusto nin polos insectos nin polas arañas. Saiban que non é gusto senón curiosidade aprendida dende que de moi novo souben que o mel polo que devecía tiña orixe nas abellas, cando descubrín, xa na idade do coñecemento e a experimentación, que os vagalumes producían luz por unha reacción química ou, máis tarde aínda, nunha visita ao trópico aprendéranme que algunhas arañas se podían comer ou ofrecían unha protección extra contra os cínfanos.

Por iso, se cadra, cando pasei diante do Museo de Historia Natural e vin que había unha exposición temporal de “arañas da Madeira” non dubidei un instante e precipiteime no interior, para deseguido fiar conversa coa porteira, que non debía ter moitas visitas e estaba ávida de falar con quen fose. A exposición era pequena mais interesante, pois mostraba nunhas furnas de metacrilato exemplares de algo máis dunha ducia de especies de arañas. Catro eran endémicas do arquipélago madeirense, como a “aranha-lobo da Deserta grande” (*Hogna ingens*), que habita exclusivamente na illa da Deserta Grande alimentándose de lagartixas; “a aranha-lobo” (*Hognea insularum*), de costumes noctámbulos; a aranha-lobo da Madeira (*Hognea maderiana*); a espectacular aranha-cangrejeira” (*Hognea schmitzi*), de ollos refulxentes e andares ameazadores. Chega-

ron uns turistas franceses cun neno duns oito anos que tiña medo das arañas. Expliqueille con certa parsimonia os costumes alimentarios de cada especie, mostreille os ollos adaptados á escuridade dalgunhas especies e a marabilla das teas funiculares doutras. Pareceu saír menos medorento e máis interesado na bichería, o que de seguro sería un grande avance para el (o coñecemento da natureza) e para os seus pais (responsábeis se cadra por hiper-protección de que o pobre do rapaz tivese medo a todo).

Pasei logo ao pequeno acuario, se cadra un dos máis pequenos que teña eu visto anunciado pomposamente como tal, considerando que se trataba dun conxunto de varios depósitos de auga onde resultaba difícil ás veces distinguir en cada un deles máis de media ducia de peixes. Ben que modesto en especies e instalacións (por non falar dun mantemento no mínimo negligente) era tranquilo e apto para a observación demorada. A vantaxe é que non había ninguén petando nos vidros, impedindo a visita pausada ou facendo fotos absurdas. Puiden así contemplar os movementos ameazadores dunha morea entrando e saíndo do seu tobo, as ás dos serráns, que lles permiten subir e baixar á vontade, e a marcha lateral dos cangrexos ermitáns.

Do acuario subín á planta superior, onde había profusión de peixes, crustáceos, insectos e outros animais mariños e terrestres disecados, con nomes deliciosos que transmito no seu orixinal portugués: *cangrejo adormecido*, *estrela escavadora*, *roncador*, *preguiçosa*, *alfonsim da costa larga*, *eremitas* (do tamaño dun puño), *camarão tigre*, *peixe lagartixa*, etc. Pero o que chamou máis a miña atención foi a existencia de dous holotipos<sup>6</sup>, un de *Coryphaenoides macrocephalus* (Maul.) e outro de *Odontapsis noronhai* (Maul., 1955), o que non é habitual nun museo tan pequeno.

### Unha librería deserta e unha despedida á xaponesa

Chegara a hora do *almoço* ao Museo de Arte Contemporánea, do lado do barrio do Socorro, e daquela ían pechar en dez minutos, o que non aconsellaba entrar. Mudei de ruta, de novo cara ao centro da vila. Pasada a praza do Municipio e



Secadoiro de peixe-gato no porto de Cámara de Lobos

a igrexa dos Xesuítas preguntei por unha librería. Aconselláronme subir pola rúa dos Ferreiros, e así foi. Anunciábase como unha das librerías máis grandes de Portugal e de certo tiña moreas de libros en varias linguas. Non había clientes malia o pretencioso dos anuncios (se cadra un síntoma<sup>7</sup> dos tempos que vivimos) e indaguei sobre autores locais e libros de botánica. O que aconteceu foi que os libeiros tiñan un coñecemento ínfimo dos produtos que tiñan no seu negocio. Logo de dúas procuras infrutuosas verbo dun catálogo de endemismos botánicos e de árbores ornamentais, decidín refuxiarme na poesía e levantar un par de libros de dous escritores madeirenses que xa coñecía, a saber, Viale Moutinho e Tolentino Mendonça e máis pola rareza das edicións que pola urxencia de ler poesía.

Desarmado de entusiasmo regresei ao Café do Museo, disposto a ler parte das miñas adquisicións. Entre a prensa escrita seleccionei *Jornal de Letras*. Este número dedicáballe un especial aos 500 anos do nacemento de Fernão Mendes Pinto, unha das figuras máis fabulosas da historia e da literatura portuguesa, autor de obra única mais monumental, como é *Peregrinação*, libro de relatos da vida e finximentos deste gran viaxeiro e fabulador.

Pouco tempo tiña para a miña partida, e foi así que, antes de dicir *saionara* ao país das mil flores, entrei nun restaurante xaponés próximo ao hotel onde moraba e onde me ían recoller para me levar ao aeroporto. Os camareiros xaponeses falaban un portugués perfecto. Agasalláronme cunha sopa deliciosa (de sempre a calidade da sopa indica o rango dos restaurantes xaponeses) e cunha *tempura* de gambas e legumes que fixo erguer o meu ánimo. As vacacións remataban, mais eu levaba prendida no cerebro unha colección de sensacións, de recendos e de flores que algún día servirían para alimentar a nostalxia. Levaba tamén rematada a corrección da novela que levaba escribindo nos dous últimos anos e que, logo se cadra doutras revisións e algunhas consultas, verá a luz cando lle chegue a súa hora ■

Funchal, decembro 2010-Bruxelas, xaneiro 2011

6. Holotipo é aquel espécime que serviu para definir unha especie, de xeito que cando se establecen comparacións taxonómicas, ese "holotipo" constitúe o patrón de medida e comparación.

7. Se cadra dous, a ausencia de lectores e os excesos nos anuncios publicitarios.